

# a *Movida*



o Vigo de

den Pace


AXENDA CULTURAL DE VIGO  
DE BALDE - MAIO - 2023

**LÉVAME!**  
VOU CONTIGO

Foto orixinal: Xulio Gil / [imgta.gal](http://imgta.gal)

AMOVIDA.GAL





# GOZO FESTIVAL

GALICIA  
2023

## ROBBIE WILLIAMS

*pixies*

11 Marzo · A Coruña

MAR+IN  
GARRIX

HOMBRES G

IVÁN FERREIRO

ROBERT PLANT

PRESENTS  
SAVING GRACE  
FEATURING  
SUZI DIAN

9 Sep · Ourense

ZAZ

19 Marzo · Vigo

8 Julio · Santiago


BEN HOWARD

20 Mayo · Santiago

NILS FRAHM



23 Nov · Santiago






## SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




## BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




## ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



## BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



## LIGAZÓN

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



**PÁX. 7**  
**FILLAS DE CASSANDRA**



**PÁX. 13**  
**PRACER Á ITALIANA**



**PÁX. 19**  
**A ÁUREA MIRADA  
DE RANIERO  
FERNÁNDEZ**



**PÁX. 38**  
**UNHA ACAMPADA  
CONFORTABLE**

- 5 EDITORIAL**
- 6 OLLO AO DATO**
- 11 VIGO, CIDADE DE COR:  
XOANA ALMAR**
- 14 ALIANZAS PARA CELEBRAR**
- 17 OUTRAS MOVIDAS**
- 21 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 23 DELEITE LITERARIO**
- 24 HOMOLOGACIÓNS  
SEN ENREDOS**
- 25 AS CASAS VIGUESAS  
DE FERNÁNDEZ DEL RIEGO**
- 28 A HORA DO BOCADILLO**
- 31 MÚSICA AO VIVO**
- 33 HEREDARÁS EL COSMOS...  
DE ANÓMICO TEATRO**
- 34 QUE FURAFOLLAS!**
- 35 AXENDA A MOVIDIÑA**
- 37 IMPERDIBLES**
- 39 XOGOS FLORAIS**
- 40 AS TÚAS MOVIDAS**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.whatsapp.com/channel/00299171111111111111)

Se queres recibir a revista na casa, subscríbete na web: [amovida.gal/subscricion-revista](https://amovida.gal/subscricion-revista)

## MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movid**a | Volume 6 (4), maio de 2023 [45]

**Edición:** Tamara Novoa | **Redacción:** Noelia Álvarez, Paula Cermeño, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Antía Monteagudo, Juan Teixeira, Lourdes Tomé, Pablo Vázquez Varela, Bea Vila | **Fotografía:** Paula Cermeño, Juan Teixeira, Pablo Vázquez | **Deseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Sabela Álvarez e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

**Edita:** A Movid Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

[@amovidavigo](https://www.instagram.com/amovidavigo) | [amovida.gal](https://amovida.gal)

A *Movida* non se responsabiliza das opinións expresadas nas contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.






A sangría de falantes en galego non cesa e os datos son especialmente preocupantes entre a xente máis nova: un 7,6% dos menores de 20 anos afirma non ser quen de falar «nada» de galego e outro 21,7% di que o emprega «con dificultade», segundo a enquisa publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) en decembro de 2022. Estes datos contrastan coa situación que vive a música na nosa lingua, con proxectos que teñen como público principal a xuventude. Dun tempo a esta parte, estamos vivindo unha alegre eclosión de artistas desde o noso idioma que fan música en diferentes xéneros: a electrónica de **Baiuca**, o *folk rock* de **Batea**, o *trap* de **Boyanka Kostova**, o *ska* de **Dakidarría**, o *rock* de **Familia Caamagno**, o *punk* de **Grande Amore**, o clasicismo vangardista de **Margarida Mariño**, o *pop rock* de **MJ Pérez** ou o de **Momboi**, o *rap* de **Rebeldom do Inframundo**, os ritmos latinos de **Ortiga**, o *pop* de **Berto...** **LETRAS QUE LEVAN NO BICO UN CANTAR.**




## Letras Galegas 2023

**XERAIS**  
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal


#Entrevista



#Viaxes



#Biografía



#BiografíaInfantil






arizma.gal

**A PRAZA DOS PESCADORES** viuse ategada o pasado 15 de abril co gallo da despedida do bar Edra. Despois de moitos litixios coa administración, a irredutible **Eva Marcos** viuse obrigada a clausurar un espazo bohemio que fornecía a zona vella dunha terraza sempre verde.

**O BERBÉS** vólvese encher de flores o domingo 14 para celebrar a XXXXI Festa dos Maios, organizada pola Asociación Veciñal do Casco Vello. O acto central do evento é a representación teatral que representa o triunfo da primavera sobre o inverno.



**EFEMÉRIDE**

O 27 de maio de 1873, a Eastern Telegraph Company (popularmente denominada O Cable Inglés), inaugurou sucursal no número 20 da rúa Real. A idea da compañía de comunicación telegráfica consistía en conectar o mundo por vía submarina, para o que tenderon un cable desde Porthcurno, no Reino Unido, ata Vigo. Desde aquí enlazaba con América e África, alcanzando Australia, a República da India e Nova Zelandia.

**A FESTIVIDADE DAS LETRAS GALEGAS** cae na metade da semana. A

xornada do mércores 17 pódese desfrutar na praza de abastos do Calvario cunha nova edición do Mercado da Arte, que este ano conta con 60 artistas participantes. Os máis deportistas pódense achegar á praia de Samil, onde se celebra a sexta proba do circuito Run Run Vigo, unha carreira de 8 quilómetros que atravesa o propio areal.





# Fillas de Cassandra

Dúo musical

## «É O MOMENTO DA MÚSICA EN GALEGO»

**PÓDESE DICIR SEN MEDO** *que o dúo formado polas vigesas **María Soa** (n. 1996) e **Sara Faro** (n. 2001) é un dos últimos fenómenos musicais do país. **Fillas de Cassandra** acadou moi boa posición conectando coa xuventude en cuestión de meses, cousa que se reflectiu en febreiro no lanzamento do seu primeiro disco, Acrópole. Estas dúas artistas rezuman ilusión e defenden con firmeza os ideais que promulgan con cada verba.*

**Moita xente xa vos vemos como un ente, pero o vindeiro verán aínda se farán dous anos desde que vos coñeces-tes. Foi un frechazo?**

[Sara] Foi a través dunhas xornadas que organizaba Feminismo Unitario. Eu tocaba a guitarra de xeito autodidacta e acostumaban chamarme tocar nos actos desa plataforma. María xusto acababa de volver de Cartaxena, tamén a chamaron e propúxome tocar un tema xuntas.

[María] Lembro perfectamente a mañá en que quedamos para ensaiar esa canción. Puxémonos a falar e fíxosenos tardísimo; chamáronos para saber onde nos meteramos. Sentímonos cómodas desde o primeiro, era como estar cunha colega e agora temos unha relación moi forte, porque son moi intensas as cousas que vivimos xuntas a nivel artístico, creativo, profesional...

**Debutastes formalmente actuando na sala Kominsky en marzo do ano**

**pasado. Un ano despois, en menos de 24 horas, esgotastes as entradas para o concerto na sala Mondo. Que pasou neste tempo?**

[M] A Kominsky foi a única sala á que chamamos, logo xa nos empezaron a chamar desde os locais. É impresionante, porque viñamos de proxectos individuais cos que tiñamos que chamar a todos os lados para podermos tocar.

[S] A ilusión fixo que nos puxésemos ao choio; sen ter nada gravado, non parabamos de tocar. Vimos que o proxecto podía funcionar.

**Fixestes o camiño á inversa da maioría de grupos.**

[S] Fomos algo efémero durante un ano. A xente preguntaba onde nos podía escoitar e respondiamos que no seguinte concerto.

[M] Penso que funcionou tal e como se facía en tempos; se vías algo que che gustaba, bulías para contarllo ás amigas. A emoción foise transmitindo dunhas persoas a outras, iso ten moitísima forza.

**E como se vive un crecemento tan meteórico?**

[M] É coma un soño. Eu esperei por isto toda a vida. Na sala Capitol de Santiago de Compostela, durante o concerto de presentación do disco, o único que pensaba desde o escenario era en gardalo todo na cabeza para poder lembralo para sempre.







## Mesturades música tradicional, con electrónica e pop; resultavos cómodo ese rexistro?

[M] Creo que facemos un tipo de música que nos apetecía escoitar e que, entre coñiñas, «non existía». Queríamos mesturar todas as músicas que nos enchen, e iso conectou con moitísima xente. Polo camiño atopamos a **Berto**, que engadiu a parte electrónica. Xuntar todo iso coa música de raíz tan de noso trasládase en poder bailar e cantar moi forte, en galego, desde unha óptica feminista, que é o que queremos.



## «En Vigo non hai oportunidades para as bandas locais»



### E como é traballar con Berto?

[S] É moi guai, pero moi intenso. O estudio teno na casa, entón acabamos convivindo con el durante dous días, sen saír daquela concentración. Penso que o éxito do disco tamén reside en que nos deixamos guiar moito por intuicións propias e alleas.

[M] Penso que o feito de non existir unha amizade previa entre nosoutras posibilitou que puidésemos ceder moito máis.

### Sendo o feminismo un dos alicerces básicos para vosoutras, como de concienciada vedes a xente do voso tempo?

[S] Eu vivín o gran momento do feminismo a nivel estatal: en 2017, cando sucedeu o caso de La Manada, derivou nunha vaga enorme de rapazas na rúa, e penso que iso me encheu moito o activismo e o discurso. En xeral, paréceme que na nosa xeración hai un grande nivel de conciencia feminista, pero está contraposto por unha loita moi forte do bando contrario. Pero iso quere dicir que estamos presentes.

## Como neofalantes recoñecidas, en que momento decidistes dar o paso a falar en galego?

[S] O meu caso, coma o de outros moitos neofalantes, foi algo que intentei varias veces. Houbo un primeiro intento frustrado en Salvaterra, onde estiven vivindo, porque eu para a xente de alí era «a vaguesa»; alí crían que non me correspondía falar en galego. Ao ano seguinte, xa o fixen drásticamente: decidín que ía falar en galego sempre, independentemente do contexto, non diferenciando entre a casa e os amigos.

[M] Eu fixen un primeiro intento na secundaria e outro no bacharelato, e ningún foi para adiante. Marchei a Estremadura e pegóuseme un acento extremeño que nin imaxinas. Á volta de alí, coincidín con Sara e fun adoptando o galego, pero aínda estou conquistando espazos. E é algo moi criticado: nalgún vídeo que subimos ás redes saímos dicindo algunha frase en castelán e enseguida xurdiron os comentarios críticos. Nosoutras non tivemos a sorte de ser criadas en galego, senón que é algo aprendido, así que agora é natural que se dean estas cousas e non pasa nada.

## Os datos de uso do noso idioma entre a xente máis nova son preocupantes. Está a xente da vosa xeración tan desapegada da lingua como parece?

[M] Ningunha das persoas que se nos achega despois dun concerto nos fala en castelán. E é que o da lingua é contaxioso: se a música que escoitas está guai en galego, como non o vas falar?

[S] A miña nai non lle custa falar en galego porque miña avoa, por moito que intentase falarlle en castelán, non lle saía; pero miña nai crioume a min en castelán. Na nosa xeración non o aprendemos de base, pero ao chegar á adolescencia houbo un sentimento de querer manter a lingua, ou polo menos nos ambientes en que eu me movía.





**Pódese dicir que a música en galego está a vivir un bo momento?**

[M] Creo que o momento é agora. Normalizárase e virá outra corrente, pero agora é o momento disto.

**A música tradicional galega está a vivir un momento especialmente bo. Non hai tantos anos que sería impensable que nunha sala de concertos a xente se puxese a bailar *folk* galego.**

[M] Pasounos tocando o tema *Varre, vasoira*. Nunha esquina da sala, unha xente púxose a bailar ao xeito tradicional namentres que do outro lado había outra xente facendo un *pogo*.

[S] Penso que agora se vai perdendo a vergoña, imos botando fóra os prexuízos que pesaban sobre a música tradicional.

**E como vedes o panorama musical vigués?**

[S] En Vigo non hai oportunidades para as bandas locais. Non se xeran eventos como poden existir noutras cidades como

Santiago ou Pontevedra, lugares onde as bandas que aínda non son recoñecidas poden tocar. Se desde as institucións non se apoia que exista un ambiente cultural, non o vai haber. Por moito que se está loitando desde moitos ámbitos nos que nós nos movemos a prol de fomentar unha escena musical viguesa.

«**Se a música que escoitas está guai en galego, como non o vas falar?»**»

**Que plans tedes de hoxe nun ano?**

[M] Eu agardo que esteamos tocando tamén fóra de Galicia e que coñezamos xente doutras escenas.

[S] Se nos preguntases hai un ano, xamais che diríamos o que está acontecendo, entón o que me gusta é non ter nin idea do que vai pasar e que a vida me volva sorprender.





# VIGO, CIDADE DE COR: XOANA ALMAR





O MURAL ESTÁ PLASMADO NO COLEXIO PÚBLICO EMILIA PARDO BAZÁN,  
NO NÚMERO 7 DO CAMIÑO DO CHOUZO

Como xa sabemos, este ano a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o sesaxésimo primeiro Días das Letras Galegas a **Francisco Fernández del Riego**, unha das figuras máis importantes da cultura galega do último século que, entre moitas outras cousas, tamén foi promotor da celebración que este ano protagoniza.

Non tiven a sorte de tratalo en persoa, pero repasando a biografía deste intelectual dedúcese que era alguén a quen lle rendían ben os días. Tampouco vou exaltar aquí os seus logros, entre outras cousas porque non chegaría o espazo, pero vou dicir que practicamente non hai unha iniciativa cultural da época en que non apareza o seu nome. Entre elas, a creación en 1950 da Editorial Galaxia, imprescindible canle de difusión da cultura galega. Don Paco era un apaixonado da literatura e un comprometido activista cultural: en vida, doou

para a nosa cidade unha biblioteca de máis de 30.000 volumes, un valioso arquivo persoal e mais unha súa rica colección artística, custodiada desde entón na Casa Galega da Cultura.

Un amor cultural que comparten os socios da cooperativa Cestola na Cachola, unha sociedade dedicada ás artes da ilustración, da pintura e do muralismo, que foi constituída en 2013 —ano do centenario de Del Riego— por **Miguel Peralta**, **Raquel Doallo** e **XOANA ALMAR**. Esta última decidiu crear o mural que nos ocupa, titulado «Inmersión», coa clara finalidade de promover a lectura entre os rapaces do CEIP Emilia Pardo Bazán, o colexio do Chouzo. Benvidas sexan todas as iniciativas, grandes e pequenas, que promoven a cultura e a inmersión no máis fondo do noso ser, especialmente nestes tempos de rebumbio dixital. Que as Letras Galegas duren todo o ano!



JUAN TEIXEIRA  
Fotógrafo documental  
e xestor cultural



Conoce nuestros  
Tratamientos  
Holisticos

Una experiencia transformadora  
para el cuidado de cuerpo, mente y alma

AUGUSTA  
ECO WELLNESS RESORT

f i d y  
augustasanxenxo.com  
(+34) 986 41 10 10





## Piacere

# Pracer á italiana

**O MAXESTOSO PAZO LOS ESCUDOS** é un lugar que moitos vigueses observamos con desexo paseando á beira do mar ou que nos fai quedar pasmados cos arcos da entrada mentres buscamos aparcadoiro preguntándonos se será posible entrar e botar un ollo. E si, é posible entrar nos seus xardíns e, aínda máis, podemos quedar a comer nalgúns dos seus dous restaurantes: Alcabre, de cociña tradicional galega e **PIACERE**, de corte italiano.

Aos mandos da cociña de Piacere está **Ricardo**, que participou no deseño dunha carta composta por preparacións clásicas da gastronomía italiana, pero con licenzas. Sempre con coherencia e respectando o prato orixinal, o equipo deste *chef* substitúe o bechamel da lasaña por unha nube de queixo de San Simón e po de tomate, ou espárense unha porción de *burrata* sobre tomates frescos para crear unha versión propia da clásica ensalada *caprese*, que se serve acompañada de *tapenade*.

A pasta fresca é servida en preparacións moi variadas. *Papardelle* con boloñesa de tenreira galega, *rigattoni* con polbo ou uns *tortellini* artesanais de peixe sapo, gamba e *ricotta* con salsa americana cítrica e alga *codium*, que para o cociñeiro resumen o espírito da casa: produto fresco e local, gastronomía italiana e creatividade.

No apartado da pizza non podía ser menos o conto. Pártese dunha masa de calidade, fermentada durante 48 horas ao estilo napolitano e estirada á man, que dá lugar a un

disco fino con bordos un pouco elevados e esponxosos, que se cocen nun forno á vista dos comensais. Contan con seis variedades que van desde a clásica margarita ata combinacións tan orixinais como a denominada «Los Escudos», con pistacho, cabaciña, tomate seco e un toque de lima.

As racións son abundantes e todos os pratos da carta oscilan entre os 9 e os 20 euros. A comodidade e a calma que ofrece o espazo, situado nun señorial edificio de pedra de inicios do século XX, son parte do encanto, que aumenta se eliximos o salón inferior, con bonitas vistas, ou unha mesa na preciosa terraza. Entreguémonos ao pracer de comer.



Avenida da Atlántida, 106 | 986 82 08 20  
[pazolosescudos.com/nuestras-cartas](http://pazolosescudos.com/nuestras-cartas)  
[@piacerebylosescudos](https://www.instagram.com/piacerebylosescudos)

# Alianzas para celebrar



**ORGANIZACIÓN PUNTEIRA** e elementos sorprendentes é o que se espera das grandes celebracións á vista do longo verán que xa se prevé. Contar co bo facer dun grande equipo de profesionais é o mellor xeito de garantir a calidade en festas como aniversarios e vodas.

## GLORIA DOMEQ: SACIÁNDONOS DE FELICIDADE

Antes de abrir un obradoiro en Galicia e lanzarse coa súa empresa de cátering en 2015, **GLORIA DOMEQ** pasou polos fogóns de cociñas e escolas de Francia e Italia. Hoxe dirixe un dos servizos de comida máis recoñecidos e solicitados para ocasións especiais, unha empresa que acaba de facerse en exclusiva co servizo do Pazo de Urzáiz (Nigrán). Artesanal e de calidade, así define Gloria a comida que prepara, dando sempre moita importancia á presentación. Nos seus pratos hai sempre boa materia prima galega, pero máis elaborada que na tradición da nosa cociña. Exemplos

disto son o canelón de pescada e lagostino con salsa de marisco e queixo Galmesán ou o taco de costela de rubia galega prensada con berenxena á grella, que podemos incluír nun menú personalizado para a nosa celebración. A *chef* ten experiencia en cociña vexetal e sen glute e, ademais de contar sempre con elaborados menús veganos e vexetarianos, aplica criterios de sostibilidade para a súa cociña, procurando elixir materias primas de proximidade e ecolóxicas, tendo en conta a redución dos residuos e o coidado da contorna.



722 53 12 93 | [gloriadomeqcatering.com](http://gloriadomeqcatering.com)  
[@gloriadomeqcatering](https://www.instagram.com/gloriadomeqcatering)







## GRETA & ÉL: CALZADOS AO NOSO ESTILO

Máis de vinte anos despois de tomar contacto cos mundos de peleteiros e zapateiros, **Marta Muíños** abriu unha zapatería de seu. **GRETA&ÉL** é unha tenda multimarca, especializada en calzado, na que tamén encontramos calzado para o día a día. Nos seus estantes abundan marcas especiais como Sarah Verdél, a firma dunha orixinal artesá en exclusiva na cidade, ou Vegtus, calzado sostible e de aire máis informal. Para unha voda, Marta ofrece un servizo de confección de zapatos personalizados baixo a súa propia marca, GretaShoes. A noiva pode elixir a forma que mellor se adapte ao seu pé, os materiais que quere calzar no gran día: ante, coiro ou veludo, e engadir os enfeites que máis lle gusten. A partir dos desexos da protagonista, Marta diseña persoalmente o calzado que será elaborado de xeito artesanal por un equipo delegado na levantina cidade de Alacant.



Ecuador, 68 | 986 11 38 99 | @zapateriagretayel

## HÉROES PARA LA CIENCIA: A GRAN FESTA DOS PEQUENOS

A diversión para toda a familia está asegurada se a deixamos nas mans da empresa de tempo libre **HÉROES PARA LA CIENCIA**, que rexenta a graduada en bioloxía

**Ana Míguez.** Propón para a cativada xogos para todas as idades que xogan coa materia científica, baseados en experimentos tan sinxelos como vistosos: alimentos que mudan de cor, ilusións ópticas, realidade virtual, volcáns en erupción... Ademais de xincanas con temática científica e disfraces acordes. Durante a actividade, os nenos elaboran un detalle para lles entregar aos noivos no final da xornada, facéndoos plenamente partícipes da celebración. Alén de vodas, comuñóns e aniversarios, a heroica empresa de ana conta cun pequeno museo itinerante e ofrece actividades divulgativas para centros educativos.



627 03 95 32 | @heroesparalaciencia

## LA VENTANA DE GRAS: OS RECORDOS SON PARA SEMPRE

O obxectivo desta empresa familiar é capturar os mellores records dunha voda servíndose da fotografía, do vídeo e do dron. Os profesionais de **LA VENTANA DE GRAS** levan moito tempo formándose para ofrecer o mellor resultado, tanto técnico como artístico. O trato con cada parella é personalizado para conseguir imaxes naturais de todos os detalles e, sobre todo, cheas de emocións. Un casamento é propicio para sacar a lucir a creatividade ao se tratar dun evento persoal e con momentos que fan de cada enlace unha ocasión única.





Un equipo humano prepara con esmero as imaxes de cada sesión. Ademais, a entrega está chea de detalles, como a presentación nunha caixa de madeira personalizada. Nas redes sociais pódense ver diferentes traballos que retratan sorrisos, bicos e aloumiños. Co paso dos anos, estes recordos perdurarán no niño de amor de cada parella.



649 28 25 88 | [laventanadegras.es](http://laventanadegras.es)  
[@laventanadegras\\_](https://www.instagram.com/laventanadegras_)



### SRTA B: PERFECTAMENTE DESPEITEADAS

Neste luminoso salón de peiteado capitaneado por **Bianca**, paradoxicamente, a especialidade é o efecto despeiteado. **SRTA. B** é un referente para as que queren unha melena coidada e un acabado

natural e favorecedor que sexa bo de manter na casa. Nesta tendencia ao natural, a coloración faise con peite para crear mechachas finísimas que se esvaían coa nosa cor, sen necesidade de valerse de recursos como o papel de prata ou a calor excesiva. Como o coidado está no centro de todos os tratamentos deste salón, utilízanse produtos de alta gama formulados con ingredientes naturais. Para as noivas, en Srta. B apóstase por coletas e trenzas nas que se inclúen cordóns con guechos soltos e con movemento, dando lugar a un estilo con moita frescura, elegante e orixinal. Aquí tamén se ofrece un servizo de maquillaxe para vodas e outros eventos. Srta. B abriu hai seis anos para ofrecer unha maneira diferente de tratar o cabelo; a apertada axenda dá boa conta de que a fórmula funciona.



Eduardo Iglesias, 20 | 886 09 27 82  
[@srta.b\\_hairsalon](https://www.instagram.com/srta.b_hairsalon)



Descubre todas nuestras novedades, eventos, acciones literarias y mucho más en:

[editorialelvira.com](http://editorialelvira.com)



## VIG AID VENRES 12 E SÁBADO 13 VARIOS

A música viguesa únese neste festival promovido polo cantante **Toño López** en favor das asociacións locais Emaús Galicia e Proviwienda, que reivindicán o dereito a unha vivenda digna. **Elepahnts Yard, Jazztronics, Su Garrido Pombo, The Soul Jacket** ou **Treintañeras Cañeras** son algúns dos artistas que conforman o cartel.

HORARIO VARIADO // ABONOS: 15,00 €



Toño López

## FESTA DA BRINCADEIRA SÁBADO 13 E DOMINGO 14 BOUZAS

Chegou o momento de celebrar a expulsión do exército francés coa XVIII edición da particular reconquista de Bouzas. Como novidade, este ano celebran o I concurso de traxes de época, co obxectivo de animar á cidadanía a vestirse como en 1809. O sábado 13, ás 18:00 h, ten lugar a representación teatral na Alameda de Suárez Llanos.

HORARIO VARIADO // GRATIS



## FESTIVAL DE CANS MARTES 16 A SÁBADO 20 O PORRIÑO

*Honeymoon*, película dirixida por **Enrique Otero**, abre a XX edición do festival cinematográfico que este ano entrega o premio Pedigree de Honra a **Luís Zahera**. Coloquios, concertos, curtametraxes, documentais, exposicións, actividades para a cativada e un feixe de actividades completan o programa do festival do *agroglamour*.

HORARIO VARIADO // DESDE 6,00 €







Patricio Kanaz

Ece Canli

## SINSAL PRIMAVERA VENRES 19 E SÁBADO 20 MUSEO MARCO E RADAR

A produtora e promotora Sinsalaudio reúne cinco proxectos de vangarda liderados por mulleres para a versión peninsular do festival Sinsal. **Angélica Salvi**, **Ece Canli**, **Ivanková** e **Superorganismus** actúan no museo MARCO namentres que **Ana Lúa Caiano** pecha o evento na sala Radar Estudios.

**HORARIO VARIADO // ABONOS: 15,00 €; CONCERTO EN RADAR: 8,00 €**

## AUDITORIO MAR DE VIGO

Av. da Beiramar, 59 | [teuticket.com](http://teuticket.com)

### FESTIVAL TERRACEO 12 DE MAIO A 23 DE SETEMBRO

#### DEPEDRO VENRES 12

**Jairo Zavala** volve ás terras galegas co éxito do álbum *Máquina de piedad*.  
ÁS 21:00 H // ENTRADAS ESGOTADAS

#### GLENN HUGHES PERFORMS CLASSIC DEEP PURPLE LIVE SÁBADO 13

O exbaixista e cantante de **Deep Purple** celebra o 50.º aniversario do lanzamento do álbum *Burn* con esta xira internacional.  
ÁS 21:00 H // DESDE 25,00 €

#### !!! -CHK CHK CHK- DOMINGO 26

*Let it Be Blue* é o noveno disco da banda de Sacramento, que fai bailar ao público a ritmo de *electro-punk*.  
ÁS 21:00 H // 30,00 €



#### CRUZ DE NAVAJAS VENRES 19 A DOMINGO 21

Este musical que rende homenaxe ao grupo de *pop* madrileño **Mecano** permite gozar de máis dunha trintena de cancións mentres vemos sobre o escenario 25 artistas entre cantantes, músicos e o corpo de danza nun rompedor formato audiovisual.

ÁS 21:00 H // DESDE 35,00 €

#### JETHRO TULL SÁBADO 27

A lendaria banda de *rock* británica liderada por **Ian Anderson**, presenta en vivo o seu vixésimo terceiro traballo de estudio, *RökFlöte*.

ÁS 20:00 H // DESDE 32,00 €

# A áurea mirada de Raniero Fernández

**UNHA LONGA EXISTENCIA** permitiulle vivir un noventa por cento do século XX a **Raniero Fernández Calvo**, que naceu en Vigo en 1909 e finou nesta mesma cidade en 1999. Aínda que a súa ocupación principal foi de xoieiro e ourive, este veciño estaba moi interesado na fotografía, por iso tiraba imaxes da súa contorna para se presentar aos populares certames fotográficos das décadas dos cincuenta e dos sesenta. Pero esas fotos non nacían do xenuíno interese artístico, senón que se creaban segundo os requirimentos de acceso aos premios e, daquela, adoitaban coincidir en motivos e perspectivas coas doutros fotógrafos coetáneos. Co paso do tempo, estes retratos do día a día feitos por un afeccionado á fotografía acadaron un papel testemuñal dunha Galicia en mudanza. Agora, e ata o 2 de xullo, é posible coñecer ese mundo na exposición organizada pola Xunta de Galicia, que se atopa no **Museo do Mar de Galicia**.

Orixinalmente creada para o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e comisariada por **Manuel Sendón** e **Xosé Luís Suárez Canal**, a exhibición *Raniero Fernández. O arquivo* divídese en dous espazos que permiten conectar a singularidade da obra do fotógrafo coa importancia que as agrupacións fotográficas tiveron no século pasado para os artistas non profesionais. Se ben a idea é coñecer primeiro a obra do vigués, tamén é posible comezar a visita pola sala dedicada á Agrupación Fotográfica Gallega, na que se presentan obras doutros autores do grupo, o que contribúe a contextualizar a arte do momento.

As imaxes son elegantes, inspiradas en referentes como **Henri Cartier-Bresson** ou **Robert Doisneau** e compostas segundo as regras clásicas. Para Raniero Fernández, a fotografía cobraba sentido cando retrataba a vida, por iso retratou anécdotas, costumes e eventos como feiras, procesións ou verbenas nas que Vigo asumía un forte protagonismo. Un exemplo é o conxunto de fotos que dedica ao porto da cidade durante as décadas dos cincuenta e dos sesenta do século pasado, onde se observa a posibilidade de analizar as distintas navegacións daquela: por un lado, as turísticas; por outro, as deportivas e, por desgraza, tamén as dos emigrantes. Pero alén do peirao, a cámara de Raniero Fernández visitou as rúas da cidade, as rúas de Arousa ou de Muros ou espazos rurais do país, sobre os que deita certa visión idílica que, non





obstante, rompe con algunhas imaxes máis crúas nas que se mostra a pobreza que había no campo.

Pero se hai algo que pode chamar a atención a quen visita esta exposición son as tres series de hórreos, cruces e ourivería que Raniero realizou durante trinta anos cun rigor de arquiveiro e que inclúen máis de catrocentos negativos nalgunhas delas. Os elementos de ouro case seguro os colleccionou para o seu interese profesional como xoieiro, namentres que as dos hórreos e os cruceiros pretendían representar os dous símbolos sobre os que se erixía o pobo galego: o traballo e a fe. O fotógrafo aspiraba a facer coa fotografía un traballo semellante ao feito por **Castelao** no estudo *As cruces de pedra na Galiza*, aínda que nunca chegou a acompañar con descrições as imaxes captadas.

No segundo espazo, pódense ver álbums de certames fotográficos e obras de autores como **Francisco Losada**, **Veiga Roel** ou **Ricard Terré**. Adoitaban repetirse temas propios destas xustas como os portos, as escenas costumistas ou os retratos, acompañados de efectos de luz, contrapicados e modificacións no laboratorio. Porén, aínda que o obxectivo principal fose o concurso, o certo é que, como asegurou o fotógrafo catalán Ricard Terré en 1995, estes afeccionados acabaron representando temáticas como a pobreza, o campo ou a emigración e, observados desde a distancia, compoñen un retrato moi interesante, moito menos pomposo ca de outras agrupacións análogas, como a de Cataluña. A actividade da Agrupación Fotográfica Gallega, da que Raniero chegaría a ser presidente, decaeu a partir de 1964 e, con ela, o traballo individual de moitos dos integrantes que retrataron unha época.




# LOCAIS RECOMENDADOS





- 1 **A MORADA / OUTRO CONTO** Enrique Mañas, 6
- 2 **A TAPA DO BARRIL** López Mora, 63 e Porta do Sol, 4
- 3 **ALBATROS** Peirao de Transatlánticos, s/n
- 4 **ALTA FIDELIDAD** Praza da Constitución, 12
- 5 **ÁRTIKA** Beiramar, 113
- 6 **CAÑAVERAL** Porta do Sol, 6
- 7 **CONCORDE** Padre Seixas, 34
- 8 **DOPPLER, SALA** Marfín Códax, 21
- 9 **EL TRIGAL, PANADERÍA**  
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 10 **FELICETTA GUALTIERI** Alfonso XIII, 9
- 11 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** Doutor Cadaval, 21
- 12 **GALERÍA MARACA** Doutor Cadaval, 12
- 13 **KIDS & US** Xirona, 8 e Urzaiz, 108
- 14 **LA CONTENEDORA** Eduardo Iglesias, 11
- 15 **LA TITA RIVERA** Praza de Compostela, 17
- 16 **LE MARCHÉ DE RACHEL** Carral, 15
- 17 **LIBROURO** Eduardo Iglesias, 12
- 18 **MÁIS PALÁ** Manuel Núñez, 18
- 19 **MAPIS** Pizarro, 47
- 20 **MOLOTOV** Santiago de Vigo, 1
- 21 **NIKIS GALICIA STYLE** Praza da Pedra, 5
- 22 **O LAR DAS ARTES** Ribelas, 60
- 23 **PICNIC SESIONS** Baixada á praia, 83
- 24 **PRIMAVERA, BAR** Ronda de Don Bosco, 17
- 25 **RATALOKA TATTOO** Camelias, 22
- 26 **SALA KOMINSKY** Irmandiños, 3
- 27 **SARA GARCÍA PELUQART** Couto Piñeiro, 2
- 28 **SR. NILSSON** Triunfo, 2
- 29 **SWING ON / O ALMACÉN** Alfonso XIII, 9
- 30 **TEATRO ENSALLE** Chile, 15
- 31 **THE MONK PUB** Uruguai, 28
- 32 **VAIDHĚ** Carral, 7
- 33 **VITRUVIA** Praza de Compostela, 5
- 34 **WOODTOWN** Camelias, 20

**PARA MÁIS INFO SOBRE OS LOCAIS VISITA  
AMOVIDA.GAL/LOCAIS-RECOMENDADOS**



## REVERTENDO A HISTORIA

Precisamos ter referentes femininas en todos os ámbitos para promover unha sociedade máis xusta e igualitaria. Neste sentido, autoras e editoriais están a facer un grande esforzo por facer visibles e dar voz ás mulleres. *A fotografía 51* é un libro infantil de **María Canosa**, con ilustracións de **Paula Mayor**, no que se recupera o papel de **Rosalind Franklin**, unha química que traballaba coa cristalografía dos raios X e que axudou a descubrir a estrutura do ADN, unha muller á que se lle retou crédito no seu tempo. Estamos ante unha obra divulgativa e adaptada aos nosos días que se le coa forza dunha novela de aventuras.


→ **Título:** *A fotografía 51* **Autora:** María Canosa **Ilustradora:** Paula Mayor **Editorial:** Baía **Extensión:** 86 páxinas



## RESPECTO A PACO DEL RIEGO

Tal e como vén sendo habitual nos últimos anos, o profesor e crítico literario **Ramón Nicolás** asina unha biografía sobre a figura homenaxeada polo Día das Letras Galegas; **Francisco Fernández del Riego** nesta ocasión, ao que o biógrafo cualifica como «un obreiro do galeguismo». A obra sérvenos como porta de entrada á figura do intelectual galeguista, pois nela recupera o inxente labor e obra que legou nas diversas institucións das que formou parte e que mesmo liderou. Nicolás fai un enorme traballo de compilación e de adaptación para agasallarnos cunha moi amena peza divulgativa.

→ **Título:** *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo* **Autor:** Ramón Nicolás **Editorial:** Xerais **Extensión:** 152 páxinas



## UN CLÁSICO DO FEMINISMO

Enfrontarse a un futuro desexado que se contradí co que a sociedade nos impón. Esta é a disxuntiva á que tiveron que se opoñer moitas mulleres; tal é o caso de **Sylvia Plath**, escritora marcada polo suicidio, cuxa novela con trazas autobiográficas *A campá de vidro* pasou a ser un clásico do feminismo. A autora ousou falar case por primeira vez da depresión e de como afectaba á carreira dunha moza que parece ter todo para ser feliz e que, a pesar diso, cae nunha espiral autodestrutiva. Un libro que fala do dereito a sentirse mal e que racha co estigma das doenzas mentais.

→ **Título:** *A campá de vidro* **Autora:** Sylvia Plath **Tradutora:** Celia Recarey Rendo **Editorial:** Irmás Cartoné **Extensión:** 313 páxinas



TENSI GESTEIRA

Crítica literaria



#PuroDeleite



Certifix

# Homologacións sen enredos

Se algunha vez pasaches polo proceso de ter que homologar algunha variación no teu vehículo, saberás que tende a ser un trámite lento, custoso e máis complexo do que debería.

Coa idea de facilitar e mellorar este servizo, **Pablo García** e **Tomás Piñeiro** crearon en 2020 a empresa **CERTIFIX**. «Queremos dar a coñecer que é a homologación e democratizar de que se trata», explica Piñeiro.



A mellora principal que nos achega esta empresa situada na parroquia de Sárdoma, é a plataforma dixital que ofrece, que nos permite automatizar todo o proceso de inspección e comunicación co cliente e fuxir de procedementos burocráticos revirados. De modo que se queremos homologar, por exemplo, un gancho de remolque, abonda con tomar unhas poucas fotos, cubrir os datos da reforma e subir á web a documentación precisa. En dous días, en comparación coas dúas semanas que adoita tardar o proceso tradicional, xa teremos o informe. Esta validación é completamente oficial, pois Certifix está homologada

pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC). «Somos como unha ITV dixital; no canto de facer unha inspección física e periódica, facémola de xeito remoto e soamente cando se modifica algo», resumen. Un medio de transporte para o que se esixe este tipo de validacións de forma máis habitual son as furgonetas *camper*. Este tipo de vehículo leva uns anos en auge, pois ofrece moita liberdade á hora de viaxar, cunha chea de modificacións no interior: caixas de augas limpas e contaminadas, caixóns, camas, claraboias, frigorífico, mobles, teito emerxente... Recibir un bo asesoramento pode supoñer menos dores de cabeza e máis aforro: «Temos case 100 recensións en Google e todas son de cinco estrelas: a xente valora o tempo que lle dedicamos a cada caso», comenta Tomás.

Tamén inciden na importancia de recibir información fiable por parte dunha empresa acreditada. Certifix é un grupo de xente nova e motivada que non dubida en utilizar as redes sociais para achegar información útil e ben contrastada, evitando o hermetismo característico da competencia. «Fíxose viral un vídeo de TikTok que publicamos sobre como converter un vehículo mixto N1 (transporte de carga e pasaxeiros) nun M1 (transporte de pasaxeiros) para pasar a ITV cada máis tempo e conducir legalmente a máis velocidade», finaliza o xerente.



**Enderezo postal:** Estrada do Freixo, 45 (Sárdoma)

**Teléfono:** 886 13 84 52

**Enderezo electrónico** [certifix@certifix.es](mailto:certifix@certifix.es)

[@certifix.homologaciones](https://www.certifix.es/homologaciones)

# As casas viguesas de Fernández del Riego

**ATRÁS QUEDARÍAN O BERCE** de Vilanova de Lourenzá (onde naceu o 7 de xaneiro de 1913), o Santiago universitario mais a Compostela de militancia política e compromiso co papel. **Francisco Fernández del Riego** refuxiouse aquí na posguerra. Vigo converteuse na súa poliédrica casa (onde finou o 26 de novembro de 2010). A pulso gañou a calidade de veciño distinguido. Unha praza e unha pinacoteca co seu nome certifican o enlace coa urbe. Un privilexio pra nós. Visitamos lugares vencellados co elixido polo Día das Letras Galegas. Oxalá resucitemos a inconfundible figura, cos lentes de grosa montura e rostro vitalista, pra ter nos nosos modelos a quen entregou a vida ao pobo galego.

## A CASA FAMILIAR -PRAZA DE COMPOSTELA, 29-

A Alameda de Vigo óleme a churros e lémbreme o Día da Palma. A churrería asemellábaseme a unha casa de Nadal, coa cheminé sob o tellado de lousa mentres as crianzas corretean arredor. As fotos pola Palma en singulares esculturas que adornan os xardíns. Gustábame montar sobre elas coma **John Wayne** nos filmes «de indios e vaqueiros» que a papá lle gustan tanto. Nesa idade descoñecía a Francisco F. del Riego. Tardei anos en saber que no número 29 residía un dos intelectuais máis sobranceiros do século xx. Unha placa, promovida pola Fundación Peña Novo, inórmanos hoxe do dato. Agora a Alameda

segue a olerme á churrería, a lembrarme o Día da Palma e, ademais, a facerme presente o compromiso coa nosa terra.

## A CASA EDITORIAL -RÚA DA RECONQUISTA, 1-

Desde **Juan Compañel** publicase na rúa Real os *Cantares gallegos* de **Rosalía de Castro**, Vigo consolidábase como a capital do libro galego. A Editorial Galaxia fixou sede no número 1 da rúa da Reconquista. Francisco F. del Riego entregouse á empresa cunha intensidade difícil de igualar. Pénsese só na extensa correspondencia con autores. Algúns deles, coma **Álvaro Cunqueiro**, retornarían á literatura galega grazas á súa teimuda mediación. Ademais empacataba os libros, encargábase dos envíos, conectaba co exilio, carregábaos acordados pra seren expostos en librarías (aínda que non sempre fosen aceptados) etcétera. Eficaz e resolutivo, Del Riego recibía máis encargos. Un deles foi codirixir con **Ramón Piñeiro** a revista decana da cultura galega: *Grial*. Padeceron a censura e viviron sob vixilancia. Pro resistiron.

## A CASA LABORAL -RÚA DE POLICARPO SANZ, 22-

Ao regreso da guerra, Fernández del Riego fora depurado da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coñecido na capital polo pasado político. Lisca para Vigo co fin de entrar no bufete de **Valentín** →



**Paz Andrade**, sito no Edificio Sanchón. Ao chegar soubo que o seu protector fora represaliado. Mala hora pra refacer a vida. Con todo, nesta situación hostil, Del Riego intégrose no choio. Encárganlle as revistas *Industrias Pesqueras* e *Industria Conservera*. Misión que cumpre dende 1940 até 1984. Pra completar o salario impartirá aulas no colexio Mezquita e logo no colexio Labor. Cedo retomaría o pulso xornalístico, incluído o diario *Faro de Vigo*.


**A CASA CLANDESTINA  
-CORUXO-**

O devir da II Guerra Mundial alentou os demócratas en Galiza. A reorganización clandestina do Partido Galeguista produciuse na casa que Francisco del Riego alugaba en Coruxo. Era o verán do 43.

Malia estar fichado pola policía franquista, incluso tras recibir ameazas de morte, Del Riego non se engurrou. Valente, decidido e firme, dispúxose á causa da liberdade. Por iso, dínamo imparabile, entregouse á loita política. O pacto dos Estados Unidos coa España feixista e a detención de dirixentes galeguistas en Madrid esborou a opción partidista. Porén, anos depois, Francisco del Riego converteríase no Secretario Xeral do Partido Socialista Galego (PSG) en 1963, cargo que logo asumirá **Xosé Manuel Beiras**.

**A CASA NUTRICIONAL  
-TRAVESÍA DA AURORA, 4-**

Entre o abraio e o cachondeo dos presentes, recitaba a *Iliada* en grego **Urbano Lugrís**, pintor e escritor xenial a partes →



A Movida organiza unha ruta para coñecer o Vigo de Francisco Fernández del Riego, guiada polo historiador asinante deste artigo, que parte desde a praza de Compostela o sábado 20 ás 11:00 horas.





iguais. Ao son das cuncas departía cos camaradas de soños nacionalistas. Un deles era Paco del Riego. A cita na taberna de **Eligio González** era recorrente. Moitos dos amigos paraban aquí: Cunqueiro, **Laxeiro** ou **Carlos Maside**. Cantas lembranzas revivirían e cantos proxectos deseñarían á calor desta baiuca.


**A CASA ARQUIVÍSTICA**  
-PRAZA DA PRINCESA, 2-

A Fundación Penzol foi inaugurada cunha conferencia de **Manuel Rodrigues Lapa** en 1963. É dicir: o ano en que Francisco Fernández del Riego promove o Día das Letras Galegas. Nunha das fotos do acto inaugural aparecen o conferenciante, Cunqueiro, **Sebastián Martínez-Risco** mais o propio Fernández del Riego. Durante un tempo, esta fundación estivo na rúa de Policarpo Sanz. A sala estaba presidida polo rostro de Del Riego, xaruto en man, no descanso entre o trecolar das teclas da máquina de escribir *Underwood*. Espazo de investigación pro tamén lugar de reunións clandestinas co seu visto e prace. Que o digan **Xosé Luís Méndez Ferrín** ou **Pepe González**. A Fundación Penzol trasladouse á Casa Galega da

Cultura en 1985. Velaquí o mellor arquivo privado de todo o país. Un patrimonio que nos reafirma como enclave da cultura galega. Don Paco dirixiu o establecemento dende 1963 até 2009. Todo sen cobrar un patacón. No crepúsculo da súa vida saía do edificio rexo, por si só, coa cabeza erguida á luz. De onde sacaba esa enerxía?

**A CASA SIMBÓLICA**

O tempo permitíume sentar diante del. Nun caderno, que aínda gardo, anotei o 29 de outubro de 2007: «Á mañá estiven con Francisco Fernández del Riego». Eu rondaba as 20 primaveras e el os 90 carballos. No primeiro encontro trateino de ti e el a min de vostede. O trato de respecto non é garantía de nada, pensei e penso. Ao rematar a conversa, espetoume: «Xa vexo que somos amigos, que me tratas de ti». Certo que me arroihei unha miga. Pro en todos os seguintes encontros el atuoume. Agradezo á vida o encontro con Fernández del Riego e a el dar-me sitio na súa metafórica casa. Deume docencia a lume manso nesta grande obra que é a liberdade da nosa terra. Esta é a casa común onde súa voz enche de enerxía dende o máis alá. Coma a estrela que no lonxe nos guía.



LETRAS GALEGAS 2023  
**FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**



# A hora do bocadillo

–¡Gandulo! ¡Lacazán! ¡Borrachón!

–Boeno... *Xa empezamos con indireutas!...*

**CASTELAO PUBLICABA ESTA** e outras viñetas no diario *Faro de Vigo*, compilada despois en *Cousas da vida*, un compendio de escenas que retratan con ironía situacións como a pobreza, o caciquismo ou a emigración de hai case un século. O intelectual xa imprimira a sinatura en historietas publicadas na revista *Vida Gallega*, fundada en Vigo en 1909. Con todo, o de Rianxo non foi o pioneiro da banda deseñada galega. Como di **Octavio Beares** no seu exhaustivo estudo *A historia do cómic en Galicia* (Editorial Galaxia), «a mediados do século XIX existen as bases para que florezan os cómics en Galicia: un panorama político e social convulso propicio para a sátira, uns adiantos técnicos, unhas leis liberadoras e unha evolución temática e estilística dos diarios rexionais». Beares sinala o coruñés **Román Navarro García de Vinuesa** como o primeiro historietista do país en 1880, que ademais foi mestre de **Pablo Picasso** na Escola Arte da Coruña en 1891.

Na década dos setenta, o ferrolán **Xaquín Marín** e mais o coruñés **Reimundo Patiño** erixense como os pais do cómic galego moderno coas pezas *O home que falaba vegliota*, *O emigrante* e, especialmente, a obra a carro mans *2 Viaxes*, reeditada recentemente en Vigo pola Editorial Elvira. Dunha xeración posterior é o vigués **Pepe Carreiro**, autor da serie infantil *Os Bolechas*, que foi unha figura imprescindible da nosa banda deseñada coa creación das revistas *Can sen dono* e *XO!* Canda o seu amigo **Antón Mascato**, este ano recibiu a encarga de converter en viñetas a vibrante vida de **Francisco Fernández del Riego**. «Polo xeral, as biografías falan dun fulano que nace, medra, se reproduce e morre. Iso pode ser un aburrimiento. Eu quixen centrarme nas anécdotas, utilizando a imaxinación e creando páxinas atractivas visualmente que funcionen case como carteis», explica Carreiro.

Vigo sempre gozou dunha produción de revistas profesionais e *fanzines* moi importante, como *Esquizoide*, a amentada *Can sen dono*, *Interlinea*, *Tintimán* ou *Fuck Comics...* Con esta última revista independente colaborou o debuxante **Álex Cal Oliveira**, un vigués cuxa paixón prendida polas series de animación emitidas a través do *Xabarin Club* lle fixo saber →



desde os dez anos que se quería dedicar aos debuxos cando medrase. E así foi: anos despois xa estaba traballando para o mercado estadounidense con números de *Batman*, *Constantine*, *Iron Man*, *Spider-Man*, *Wonder Woman* ou *X-Men*. Con todo, este debuxante vigués non romantiza o feito de traballar para DC Comics ou Marvel Comics: «Desde fóra parece que alí só chegan os mellores, pero cando estás dentro decátaste de que é un traballo coma calquera outro, con condicións que non son as que a xente pensa. Cos anos váiseche quitando a parreira», confesa o recoñecido artista, que asina co sobrenome **ACO**.

A finais do pasado mes de marzo, o artista **Miguelanxo Prado**, posiblemente o autor galego de banda deseñada máis relevante da nosa historia, anunciou a renuncia como director de Viñetas desde o Atlántico, o salón do cómic da Coruña que fundou hai 25 anos. O herculino cualificou de «suplicio» a organización desta feira nos últimos tempos, e denunciou que «coas regras do xogo actuais, o modelo non é viable». En Vigo, tras o debut do ano pasado, o máis humilde festival **BANDA Á FEIRA** programa a edición deste ano na segunda semana deste mes de maio: **VENRES 12, SÁBADO 13 E DOMINGO 14**. Detrás deste certame que leva o cómic á rúa peonil do Calvario están **Fernando Llor**, **Félix Rodríguez** e **Melo**, xerente da librería Banda Deseñada. Casualidade ou non, Miguelanxo é un dos convidados estelares do evento. Llor apunta: «Para a gran maioría dos autores galegos, Viñetas desde o Atlántico é un referente absoluto». Deixando a un lado a triste nova sobre o salón da Coruña, o organizador destaca a boa acollida da primeira edición da feira de Vigo: «Foi moito mellor do que se esperaba, cun ambiente moi bonito e

acolledor. As exposicións funcionaron moi ben. Ao remate do o festival, varios institutos contactaron connosco para levalas aos centros».

Alén das que poida levar a tinta chinesa, a gran mancha negra do mundo da banda deseñada é o aspecto económico. Como acontece noutros ámbitos culturais, o amor á arte eclipsa moitas veces unha paisaxe de precariedade. «A situación é moi heteroxénea, pero penso que hai algo común para todos: o cómic non dá para vivir», comenta Fernando Llor, escritor da obra *Subnormal*, debuxada polo tamén vigués **Miguel Porto**, unha historia de acoso escolar que tivo boa acollida no ámbito estudantil. Con medio século de traxectoria, Pepe Carreiro coincide con esta visión: «Hai xente que está a vivir disto, pero traballando para fóra de Galicia e mesmo de Europa. A miña experiencia e a doutros colegas é que os debuxantes facemos un pouco de todo para vivir minimalmente ben con isto: ilustracións para contos e libros de texto, publicidade, deseño gráfico...», amplía. Álex Cal opina sobre isto: «A incipiente industria do cómic estatal prefire mercar material estranxeiro e tradúcolo antes que fomentar a publicación de autores nativos, con honrosas excepcións como a do ourensán **David Rubín**, cuxas obras gozan de moito éxito». Ademais do tema monetario, Cal sinala como parte da problemática as datas de entrega e a planificación dos proxectos. Por último, o debuxante menciona un tema cada vez máis presente na nosa sociedade, que cos anos quizais acabe afectando este e outros sectores: «Como non se acoute a cuestión das intelixencias artificiais, non se pode descartar que Marvel en vinte ou trinta anos publique cómics prescindindo de autores físicos», finaliza. Esperemos que as máquinas non nos deixen sen a hora do bocadillo.





## CÓMICS VIGO: A EXCEPCIÓN Á NORMA

Desde hai un par de anos, e por cuestións burocráticas, este sobranceiro establecemento da Ronda de Don Bosco pasou a denominarse **CÓMICS VIGO**. Independentemente de como lle chamemos, estamos ante a tenda referencial da nosa cidade no eido das historietas desde hai un cuarto de século. Xa nos inicios, **Ángeles Díaz Lavadores** demostrou ter un sexto sentido: «Decaiteme de que o cómic tiña futuro», rememora. E non se equivocou. O mundo da banda deseñada foi sumando seguidores: «A xente decátouse de que os cómics non eran contiños para nenos», engade.

A xerente pensa que existe moito prexuízo arredor da novena arte: «Cando alguén me di que non lle gustan os cómics, eu dígolle que aínda non caeu nas súas mans a obra axeitada». A variedade de temáticas é tan ampla como na literatura tradicional ou no cine, polo que dispoñemos de títulos de aventuras, comedia, dramas, fantasía... O asesoramento personalizado é o mellor activo que dispón esta librería especializada. Admite que a parte máis grata do seu traballo é ver a clientela medrar: «Aqueles rapaces que eu coñecín cando abriu a tenda agora veñen cos fillos», comenta.



Rúa da Ronda de Don Bosco, 22 | 986 22 51 65  
[@comicsvigo](https://www.comicsvigo.com)

## KAME: A CASA DAS VIÑETAS

Parece que en Vigo está de moda mudar o nome de proxectos relacionados coa novena arte. A escola que levaba desde 2010 baixo o nome de Clases Cómic Vigo metamorfoseouse na academia de cómic **KAME**. **Iago Araujo** e **María Vilar** coñeceráronse nas aulas de cómic dos irmáns **Norberto** e **Jacobo Fernández Serrano**. Ademais do cambio de nome, o mes pasado a empresa estreou un local diáfano na rúa de Abeleira Menéndez.

A característica principal de Kame é o ensino personalizado, con grupos reducidos onde os dous profesores acompañan cada alumno no traballo ou meta particular que teña (cómic, cartelería, *concept art*, humor gráfico, ilustración, elaboración dun portfolio etc.). Estas leccións están abertas a todas as idades e todo tipo de niveis. Coa experiencia dos anos, Kame constitúese como un centro social do que xorden amizades, equipos de traballo, proxectos... Con moi boa onda, Iago e María fomentan o oficio a través de préstamos e recomendacións de lectura e organizando actividades como charlas, exposicións e fanzines.



Rúa de Abeleira Menéndez, 26 | 686 66 35 51  
[kamecomic.com](https://www.kamecomic.com) | [@kamecomic](https://www.instagram.com/kamecomic)



## CAÑAVERAL

Porta do Sol, 6

## DESCONCERTO

Venres 5 // 22:00 h // Gratis

## SKARAJAZZ

Sábado 6 // 22:00 h // Gratis

SALVAXESONS, DUELO MUSICAL:  
BLUE MERROW VS. ANOTHER WASTED YEAR

Sábado 13 // 21:30 h // Gratis

## CANDELA

Venres 19 // 22:00 h // Gratis

## TERAPIA DE GRUPO

Sábado 20 // 22:00 h // Gratis

## LA FRANGA

Venres 26 // 22:00 h // Gratis

SALVAXESONS, DUELO MUSICAL:  
THE MIRROR VS. MAD MISSION

Sábado 27 // 21:30 h // Gratis

## KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

## LES LULLIES

Martes 2 // 21:30 h // 14,00 €

## FRITANGA SESSION

Xoves 4 // 22:00 h // 1,00 €

NOCHES EN BLANCO, CON PÁLIDA  
+ APARATO

Venres 5 // 21:30 h // 5,00 €

## SANNY + CANDY'S FRECKLES

Sábado 6 // 21:30 h // 5,00 €

## FESTIVAL VIGO AID: TREINTAÑERAS CAÑERAS

Sábado 13 // 23:00 h // 8,00 €

## FRITANGA SESSION

Xoves 18 // 22:00 h // 1,00 €

## TÍTERE CARMELA + RUB A DUB

Venres 19 // 21:00 h // 5,00 € ou entrada inversa

## CONCERTO FOLK + FOLIADA

Xoves 25 // 22:00 h // 5,00 €

## FESTA SWING ON

Venres 26 // 21:00 h // 3,00 €

## NOCTURA + PLADUR

Sábado 27 // 21:30 h

## O LAR DAS ARTES

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

## CEDECÉ

Sábado 20 // 12:30 h // Gratis

## TONY DELGADO Y EL PRIMO

Domingo 28 // 12:30 h // Gratis

## VITRUVIA

Praza de Compostela, 5

BOSSA NOVA: ANDREY KUSYM, FER RUIZ  
E PAULO SILVA

Xoves 4 // 21:00h // 6,00 € - 12,00 €

## MARTÍN OTERO TRÍO

Xoves 11 // 21:00h // 6,00 € - 2,00 €

## COMBO DE IMAGINE JAZZ ORQUESTA

Xoves 25 // 21:00h // 6,00 € - 12,00 €

## DOPPLER

Rúa de Martín Codax, 21

## D. VALENTINO

Venres 12 // 21:00 h // 10,00 €

## POWER WAVE

Sábado 13 // 00:00 h // Gratis

## SASKE

Venres 19 // 21:30 h // 12,00 €

## CALERO LDN

Sábado 20 // 21:30 h // 15,00 €





## REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

### BRAIS MORÁN + MOON CRESTA

Sábado 6 // 22:00 h // 12,00 € - 15,00 €

### FESTIVAL MOSKAROCK: SUSTANCIADOS

+ TNT BAND + ARCHIVO ADXUNTO

+ LIBERAD AL CRAKEN + TIAN GZ

Sábado 13 // 19:00 h // 10,00 €

### NAPALM FEST: PERPETUAL

+ NASTY SURGEONS + INCORDIAN

+ SIESTA BOYS + UNATHOUSÄND

Sábado 20 // 20:30 h // Gratis



### SALA REBULLÓN, VI ANIVERSARIO:

FAMILIA CAAMAGNO

+ FILLAS DE CASSANDRA + FILLOAS

+ ZEA MAYS + AIRIÑOS DO CASTELO

+ DJ ENXEBRE

SÁBADO 27 // 12:00 A 00:00 H

15,00 € - 20,00 €

## MOLOTOV

Travesía de Santiago de Vigo, 1

### #ELREMIX CON SWIC

Xoves 4, 11, 18 e 25 // 00:30 h // Gratis

### BLADE RAVE

Venres 19 // 00:30 h // Gratis



### THE CLOCK + ORNELLA # IBAN RBEIRA # PITON

SÁBADO 20 // 23:30 € // 12,00 €

-ANTICIPADA CON CONSUMICIÓN-

Jose Fonseca

### TÚZARO 360°

Venres 26 // 00:30 h // Gratis ata as 00:30 h; 3,00 €  
a partir das 02:00 h

### KRIEZBERG

Sábado 27 // 23:30 h // 5,00 €

# CARTELEIRA RUTAS TEMATICAS



DIA 6 - 11h  
DIA 28 - 11h



DIA 7 - 19h  
DIA 27 - 11h



DIA 13 - 19h  
DIA 19 - 19h



DIA 13 - 11h  
DIA 17 - 11h



654 22 69 94

@ VIGOTURISTICO



EXPERIENCIAS E PASEOS CON EXPERTOS LOCAIS - DURACION 2H - DENDE 7€ / MENORES DE 12 GRATIS

CONOCENOS, CONOCETE



# ‘HEREDARÁS EL COSMOS. (ANÁLISIS PORMENORIZADO DE UNA FOTO), DE ANÓMICO TEATRO



Album familiar de Julio Fernández Peláez

«Un día me planté en mitad de la calle y dije: ¿podríamos parar, por favor? Lo dije en voz alta, como si al alzar la voz pudiera comparar mis palabras con el grupo. ¿Pero qué grupo? No había grupo, solo personas luchando por abrirse camino. Cuando las ovejas pasan mucho tiempo dentro de un redil, comienzan a dar vueltas, es como si perdieran la cabeza, dan vueltas todas a la vez, de manera ordenada, y en sentido inverso a las agujas de un reloj, como tratando de regresar al lugar donde se perdieron». **Teatro Ensalle** acolle a estrea de *Heredarás el cosmos*. (Análisis pormenorizado de una foto), o último espectáculo de **Anómico Teatro**. A compañía de **Julio Fernández Peláez**, un dos grupos residentes do espazo escénico da rúa de Chile, presenta nesta nova montaxe unha reflexión sobre a

destrución do rural e do sentido de comunidade por parte do capitalismo salvaxe. A viaxe que nos propón Anómico parte do ollar do neno que foi Julio, rexistrado nunha fotografía en branco e negro, última testemuña dun mundo e dun tempo desaparecidos. Coa música de **Roberto García de Mesa**, o canto de **Sandra Moya**, a colaboración documental de **Myriam López Domínguez** e a dirección técnica de **Jaume Blau**, *Heredarás el cosmos* continúa coa liña de compromiso artístico e político que Anómico Teatro leva explorando anos nas montaxes que transitan entre a escena e a poética.



ERNESTO IS

Escritor



**Data e hora:** venres 19, sábado 20 e domingo 21; ás 20:00

**Lugar:** Teatro Ensalle

**Entradas:** 10,00 €

# a Movidiaña

«Trouxéronme ao mundo dos vivos un 7 de xaneiro do 1913.  
Xusto cando ían de retirada os Reis Magos».  
Francisco Fernández del Riego

TEXTO: BEA VILA

## QUE FURAFOLLAS!

Don Paco, o noso protagonista. Paquiño. Así se refire Blanca-Ana Roig Rechou ao homenaxeado o 17 de maio deste 2023. Falamos dun vigués de adopción accidental, xa que aquí rematou na época da ditadura franquista para pasar máis desapercibido que en Santiago de Compostela, onde lle foran retiradas anteriormente as credenciais de docencia. A proposta que traemos este mes de maio é *Paco del Riego. Un home irrepotible* (Hércules Ediciones), unha unidade didáctica que interpela aos máis novos. Un manual dividido en cinco partes principais que achega as etapas da vida de Francisco Fernández del Riego en contexto coa historia de case todo o século xx e a primeira década do XXI.

Trátase dun manual que ofrece unha lectura amena, con fotografías persoais e unha linguaxe accesible na que a xente nova pode coñecer a persoa que promoveu o Día das Letras Galegas, que este ano protagoniza. Un home que contribuíu a democratizar a Real Academia Galega (RAG) sen desatender o Celtaña nin deixar de gozar de cando en vez de ricos xantares —sen cebola— e festas. Xa que logo, supón un xeito de asomarse de forma directa aos acontecementos históricos das máis de nove décadas polas que decorreu a traxectoria de don Paco, que espertou o gusto pola literatura desde moi



novo, e chegou a practicalo na clandestinidade para poder acceder á cultura.

A xuventude pode corroborar o termo co que el mesmo definiu á autora desta obra: furafollas —«persoa inquieta e esperta», segundo o Dicionario da RAG—, e acceder ao retrato de alguén que se empeñou en que o galego fose tamén unha lingua universitaria. E revertir «unha realidade que non podemos aceptar», definida así por Víctor Freixanes, actual presidente da RAG; unha realidade na que un de cada tres estudantes galegos remata a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) sen un dominio mínimo esixible de lingua galega.



# axenda

## MAIO EN FAMILIA

Unha actividade para coñecermos a orixe e a evolución das festas populares da primavera elaborando un dos tradicionais maios, cos cantos e danzas correspondentes, no xardín que circunda o museo etnográfico do pazo da Pastora. No caso de condicións meteorolóxicas adversas, a actividade adaptaríase para se desenvolver no interior do edificio.



Data e hora: sábado 6, ás 10:00 h // Lugar: Museo Liste // Prezo: 1,00 € // Idade recomendada: público familiar // Duración: 50 minutos.

## AROUND THE WORLD

A academia Kid&Us organiza unha sesión de contos en inglés para que a cativada viaxe arredor do mundo sen saír da librería da zona vella.



Data e hora: venres 12, ás 18:30 h // Lugar: Libros Para Soñar // Prezo: gratis.

## CANTAJUEGO

*¡Viva mi planeta! Me lo contó un pajarito* é o novo espectáculo do grupo que fai do cantar un xogo infantil, que vén cunha historia que nos leva a voar cara á liberdade da que gozan os paxaros. Coa música como motor e a ilusión como combustible, a aprendizaxe vén da man da diversión coas coreografías e o humor dos amigos Coco, Pepe e Buby.



Data e hora: sábado 6, ás 16:30 h e ás 19:00 h // Lugar: Auditorio Mar de Vigo // Prezo: desde 15,00 € (menores de dous anos, gratis) // Idade recomendada: público familiar // Duración: 75 minutos.

## DINO EXPO XXL

Unha aventura que comezou hai 65 millóns de anos colle a forma nunha exposición interactiva que recolle máis dun cento de dinosauros animatrónicos a escala real. A vida atopou o camiño para converter o recinto feiral de Cotogrande nun parque xurásico.



Data e hora: do sábado 13 ao domingo 28, ás 18:30 h // Lugar: IFEVI // Prezo: 8,00 € (nenos); 10,00 € (adultos).

## UNHA GALAXIA CHEA DE LETRAS GALEGAS

O programa «A hora dos contos» trae desta volta a Caxoto, que visita a biblioteca cun espectáculo no que demostra coñecementos de astronomía facendo un percorrido pola vida e a obra dalgunhas das nosas estrelas literarias máis rutilantes.



Data e hora: venres 12, ás 18:00 h // Lugar: Biblioteca Xosé Neira Vilas // Prezo: gratis // Idade recomendada: a partir dos 3 anos.







## BACKSTAGE

Un músico está a piques de dar un concerto en solitario. Antes de que chegue o público, prepárase entre bambolinas. Axíña empezan a xurdir os problemas: non atopa os instrumentos, perde as partituras,ponse nervioso... E todo é porque o rexedor do teatro é un auténtico pallaso!

↓  
Data e hora: sábado 27 e domingo 28, ás 18:00 h // Lugar: Sala Ártika // Prezo: 8,00 € (anticipada); 10,00 € (xeral) // Idade recomendada: a partir dos 5 anos // Duración: 50 minutos.

## VII MIÚDO FEST

Na sala máis tola de Mos celébranse as nosas letras cun festival á medida dos mais cativos con música ao vivo. O festival arranca o martes 16 coa actuación de **María Fumaça** e continúa o mércores 17 con obradoiros de percusión e camisolas, ademais dos concertos de **Pakolas** e de **Uxía Lambona** e a banda molona.

↓  
Data e hora: martes 16, ás 18:30 h; mércores 17, das 12:00 ás 20:00 h // Lugar: Sala Rebullón (Mos) // Prezo: gratis // Idade recomendada: todos os públicos.

**Morriña**

**17 MAIO**  
Día das Letras Galegas  
60 ANIVERSARIO

**A FESTA DE TODA A NOSA CULTURA**  
Autoría de Xulio Gil

**Francisco Fernández del Riego**

Este ano facemos protagonista da festa que el mesmo impulsou a **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

**XUNTA DE GALICIA**

**GRIAL**

**Agarimo**

**Ruliña**



PICNIC SESIÓNS

Cestería, xogo libre con brinquedos tradicionais, clase aberta de *lindy hop* e os concertos de **Epoje Tatum** e **Javier Turnes & The Hakemen** conforman o cartel desta nova edición do evento de Saiáns.



**Data e hora:** domingo 14; a partir das 13:00 h  
**Lugar:** Radio Costeira Saiáns. Baixada á Praia, 83  
**Prezo:** gratis



RUTA POLO 'VIGO GALEGUISTA'

Un percorrido guiado por **Alfonso Álvarez** que nos descubre unha urbe que foi motor e capital das letras galegas desde os anos cincuenta. Un paseo de dúas horas a pé para coñecer fitos e persoeiros que fixeron da cidade da oliva o eixo do anovamento da cultura galega.



**Data e hora:** sábado 13 e mércores 17 ás 11:00 h e domingo 21 ás 17:00 h  
**Lugar:** praza da Porta do Sol  
**Prezo:** 10,00 € adultos, 7,00 de 12 a 18 anos (menores de 12 anos gratis)



MERCADO RECICLADO

Troco e venda de roupa de segunda man nunha feira que incentiva a economía circular, con artistas locais dedicados á artesanía, ao deseño e á ilustración, todo ben aderezado con música e petiscos.



**Data e hora:** sábado 20; das 12:00 ás 21:00 h  
**Lugar:** Simía Espacio. Rúa de Afonso XIII, 9  
**Prezo:** gratis



PINT OF SCIENCE

Nova edición dun festival que ten como obxectivo que científicos punteiros compartan coñecementos co público no ambiente distendido dun bar. Celébrase de maneira simultánea en varias cidades do mundo e trátanse temas variados que teñen que ver coa bioloxía, anatomía, neurociencia, astronomía ou mesmo tecnoloxía.



**Data e hora:** do xoves 22 ao venres 24; ás 20:00 h  
**Lugar:** Cañaverl. Praza da Porta do Sol, 6  
**Prezo:** gratis



A CALMA NUN INSTANTE

Experiencia audiovisual coa fotografía de **Nair Romero** e a música de **Fausto Camaño, Rubén Fernández e Ana Shiyu**, para entrar na fin de semana de relax.



**Data e hora:** venres 26 ás 20:00 h  
**Lugar:** A Morada. Rúa de Enrique X. Macías, 6  
**Prezo:** billeteira inversa



CONVERSAS SWINGUEIRAS

«Todos os corpos son corpos de baile» é o título da charla de **Alba Cobo**, na que se debate sobre a aceptación dos corpos non normativos no ámbito da danza.



**Data e hora:** sábado 27; ás 15:30 h  
**Lugar:** A Morada. Rúa de Enrique X. Macías, 6  
**Prezo:** billeteira inversa (os cartos recadados van destinados ao festival 'Y se a(r)mó la gorda')

## Camping Isla de Ons

# Unha acampada comfortable

Cando pensamos en botar uns días de acampada no medio da natureza, véñenos á cabeza á tríade formada pola tenda de campaña, o saco de durmir e a esteira. Así e todo, os tempos mudaron e agora a comodidade dun colchón ou dunha ducha quente tamén se poden atopar nun campamento en pleno Parque Nacional. Iso é o que nos ofrece **CAMPING ISLA DE ONS**, o primeiro lugar de acampada auto-sostible de Galicia, que combina a posibilidade de alugar parcelas para montarmos a tenda, combinándose coa opción de descubrir o glamping cunhas estruturas que dispoñen de camas, mobiliario e outras facilidades que fan que nos sintamos coma na casa. As instalacións do cámping da illa de Ons contan con múltiples servizos que fan que non queiramos volver a terra firme: cafetería con wifi, lavandería, parque infantil, ultramarinos e, como non, unha recepción en que resolver todas as dúbidas que teñamos, ademais dun punto de primeiros auxilios.

Desde o primeiro, o esforzo do grupo que está tras o cartel de Camping Isla de Ons viuse recompensado con múltiples galardóns. Desde premios de arquitectura sosti- ble aos prestixiosos selos «Q», de calidade turística, ou «S», de sostibilidade. Un recoñecemento ao bo traballo que nos dá a tranquilidade de saber que non nos temos que preocupar por máis nada que por explorar todo o que a illa ofrece para levar de volta unha chea de bos recordos. Para isto, o primeiro é preparar o equipamento: unha reserva asegurada de auga potable,

crema e gorra para o sol e roupa e calzado cómodos. O segundo paso é máis sinxelo: deixarse levar. Seguir algunha das catro rutas que percorren a illa, coñecer os fermosos areas que a rodean, visitar o entorno do último faro habitado de Galicia... Sempre sen perturbar a paz da fauna e a flora da illa para que nos permitan apreciar a beleza de especies como o corvo mariño cristado, o lagarto arnal, a herba de namorar ou a xesta de Ons.

Se o que queremos é coñecer a historia de Ons con todo luxo de detalles, temos que visitar o centro de visitantes da illa no centro neurálxico deste arquipélago, preto dunha zona gastronómica onde os produtos do mar son os protagonistas, para volvermos dunha estadía inesquecible con moi bo sabor de boca.



986 43 35 30 | [campingisladeons.com](http://campingisladeons.com)  
[@campingisladeons](https://www.instagram.com/campingisladeons)



# XOGOS FLORAIS

Hai trinta anos, nunha pequena aldea galega, os pais de **Verónica Souto** construíron xunto a casa un invernadoiro dedicado ao cultivo de caraveis. Rodeada de flores e xogando a plantalas, a facer ramiños, coroas e pulseiras, ela medrou sen ser consciente de que este xogo da infancia se convertería en profesión e no seu proxecto de vida: cultivar flores, vivir no campo e compartir coa súa filla e co resto da familia esta aprendizaxe. Agora, tras anos de traballo, Verónica faise cargo de catro quilómetros cadrados de invernadoiro dedicados ao cultivo de variedades de flores de temporada; faino baixo a súa marca persoal: **FLORADEIRA**.



A marca reivindica as mulleres das aldeas que achegaron aos fogares produtos de calidade: fiandeiras, labregas, leiteiras... Verónica quere seguir tecendo esta rede feminina e facer posible que as flores acabadas de cortar cheguen directamente ás nosas mans ou ás de quen queiramos, porque son moitos e bos os motivos para ter flores na casa ou regalalas, para transmitir con elas o que é difícil de expresar con palabras. En [floradeira.es](https://www.floradeira.es) e

nos perfís sociais da marca, [@floradeira\\_](https://www.instagram.com/floradeira_), atopamos ramos e cestos de flores secas ou para secar, flores frescas de temporada, bulbos, coroas, sementes ou mesmo ferramentas e xogos para cultivarmos un xardín de noso.

Para aquelas persoas que non queiran vivir nunha casa sen flores, a devandita emprendedora ten a solución: a subscrición floral, grazas á que recibiremos flores a domicilio coa periodicidade que escollamos. Ademais, se queremos aprender máis sobre arte floral e convertermos en expertos, Verónica ofrece talleres nos que aprender a deseñar e armar un arranxo floral, presenciais na súa palleira e axiña tamén a través de Internet. Poñamos un toque de aroma e colorido natural na casa ou agasallemos a alguén especial cun ramo que lle alegre o día. Grazas a Floradeira, é posible expresarse a través das flores.




**ESTELA GÓMEZ**

Correctora literaria  
e redactora de contidos





# A GRAN VÍA VELLA



**JAVIER GIL**

[@gylsketcher](https://www.instagram.com/gylsketcher)

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a [revista@amovida.gal](mailto:revista@amovida.gal)  
Consulta as bases en [amovida.gal/as-tuas-movidas](https://amovida.gal/as-tuas-movidas)



# Vialia Bingo



20 de Mayo

**1º Premio : Samsung Galaxy A23 y GiftCard 100€**

**Juega**



**y más premios**

DECIMAS

